



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA  
DEZASETE DE DECEMBRO DE 2018, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D <sup>a</sup> . MARGARITA DEVESA CARDELLE D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D <sup>a</sup> . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN D <sup>a</sup> : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE D <sup>a</sup> . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezasete de decembro de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21/11/2018)**

Dáse conta da acta do pleno celebrado o 21/11/2018 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2.- Acordo, se procede, sobre o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS +2019.**

Dáse conta das bases reguladoras do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS +2019, aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión celebrada o 28 de setembro de 2018 (BOP núm. 188/18, do 2 de outubro)

Ao abeiro das mesmas, proponse:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2019”, “achega provincial 2018” e “préstamo provincial 2019”:

:



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



### B ) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	217.208,82
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>217.208,82</b>

### C ) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Saneamento en Romarís	142.694,17	42.305,83	185.000,00
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2018</b>	<b>142.694,17</b>	<b>42.305,83</b>	<b>185.000,00</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

### D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de “préstamo provincial 2019” aplicado á redución da débeda
Banco Sabadell, S.A	807635503577	149.177,38
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		<b>149.177,38</b>

### E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2018	0,00		0,00
	Achega 2019	0,00		0,00
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2019	217.208,82		217.208,82
C- INVESTIMENTOS	Achega 2019	0,00	0,00	0,00
	Achega 2018	142.694,17	42.305,83	185.000,00
	Préstamo 2019	0,00	0,00	0,00
D- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019	149.177,38		149.177,38
TOTAL	Achega 2019	217.208,82	0,00	217.208,82
	Achega 2018	142.694,17	42.305,83	185.000,00
	Préstamo 2019	149.177,38	0,00	149.177,38
	TOTAL	509.080,37	42.305,83	551.386,20



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
Acondicionamento de espazo verde público en Fontao	117.232,16
Ampliación da rede de abastecemento en Sete e Argunte	182.000,00
<b>TOTAIS</b>	<b>299.232,16</b>

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

A Presidencia di que xa faláron na comisión correspondente, que dentro do POS 2019 a parte correspondente a xustificar o gasto ordinario meteuse porque entende que era un dos elementos máis fáciles de xustificar e por tanto remiten os cartos.

Usan unha parte do PAI para amortizar xa a construción da depuradora de Vedra e para ir baixando esa débeda bancaria.

Por último métese unha obra demandada xa hai tempo como é a rede de sumidoiros en Romarís e Calzande por un importe aproximado de 180.000 €.

Por outro lado, queda o plan complementario, e a idea é presentar estes dous proxectos da extensión da auga ata Neira de Arriba e a 2ª fase da pista de rodadura de Vedra, que vai incluír o acondicionamento exterior, vestiarios, etcétera e só quedaría a grada.

Espera que a Deputación de A Coruña provea os fondos suficientes para poder acometer estas dúas obras.

Solicita o voto favorable dos grupos da oposición.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE, respecto do saneamento de Romarís e Calzande, pregunta se se vai enganchar á depuradora e gustaríalle saber cales son os



criterios que seguen para facelo, por que fan a obra alí e non noutros sitios e se hai queixas dos veciños sobre as calidades das augas.

A Presidencia replica que a decisión fundamental foi que son dúas aldeas que levan moito tempo demandando unha solución, e dentro das marxes económicas que ofrece o POS decidiron levalo a cabo.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE afirma que ao seu grupo todo o que sexa estender a rede de abastecemento e saneamento lle parece correcto, e polo tanto votarán a favor aínda que non se contou co seu grupo para a confección das obras a incluír no plan.

Por outro lado sinala que ao destinar a gasto corrente unha parte importante, a Deputación de A Coruña o que pretende e dar máis autonomía aos concellos, e despois estes farán as obras como lles dea a gana.

Respecto á amortización da débeda, espera que ao final non haxa que devolver eses cartos, aínda que non está nada claro o tema. A débeda do Concello segue aumentando e botan de menos que non sigan investindo no que carece o Concello como é saneamento e abastecemento, algo fundamental para fixar a poboación, desenvolver solos urbanos, etcétera.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que o seu voto vai ser en contra por unha cuestión capital, que é que do importe total do POS 2019 van dedicar dous terzos do orzamento a gasto corrente, que rematan evadidos da opinión e participación do Pleno.

Por outro lado non comparte o criterio aplicado para realizar o investimento en saneamento. Este tipo de obra redunda nesas macrorinfraestruturas de saneamento dirixidas a esas macrodepuradoras, que o Sr. Alcalde, nalgún momento manifestou que carecían de viabilidade. Con todo, as infraestruturas que están a executar van enfocadas cara este tipo de macrorinfraestruturas, con bombeos, cando hai outras solucións moito máis sostibles social, ecolóxica e economicamente.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, anuncia o seu voto en contra e pregunta cal é o motivo polo que pensan que ten que cre que van cumprir o que din, xa que cando foi o outro POS + fixeron o que lles deu a gana.

Posta a votación, apróbase con once votos a favor do PP e PSdeG-PSOE e dous votos en contra do BNG-AA e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

### **3.- Acordo, se procede, sobre da non dispoñibilidade de créditos previstos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOESSF).**

Dáse conta da Comunicación da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, na que á vista da liquidación do orzamento do exercicio 2017, solicitan a adopción de acordo de non dispoñibilidade de créditos, previstos no artigo 25 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF), por incumprimento do Plan económico-financieiro 2016/2017.



O importe dos citados créditos será , como mínimo, o correspondente a contía do incumprimento da regra do gasto (87.418,27 euros), incrementada na taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo da economía española aplicable ao exercicio 2018 (2,4%), é dicir, 89.516,31 euros

A Presidencia di que é unha cuestión técnica contable no plan económico-financieiro 2016-2017 que se cumpriu. Parece ser que por un lado hai un determinado teito de gasto no 2017 que vén establecido en relación a ese plan económico-financieiro; pro na liquidación dese ano, vén outro teito de gasto, e que non coinciden. Cumpriuse o teito de gasto que aparece na liquidación, pero non o que debía ser co plan económico-financieiro.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta se ten algo que ver co superávit de 80.000 € do ano pasado. Di que se vai abster porque non pøde votar algo que non entende.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, anuncia a abstención do seu grupo porque non entenden de que vai iso.

Posta a votación, apróbase con sete votos a favor do PP e seis abstencións do PSdeG-PSOE, BNG-AA, e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

#### **4.- Aprobación, se procede, do Orzamento municipal para o exercicio 2019.**

Dáse conta do proxecto de Orzamento Municipal formado polo Sr. Alcalde-Presidente para o exercicio económico 2019, que ascende, no seu Estado de Gastos á cantidade de CATRO MILLÓNS SEISCENTOS SESENTA E SEIS MIL QUINIENTOS OITENTA EUROS (4.666.580 €) e o Estado de Ingresos ascende á mesma cantidade de CATRO MILLÓNS SEISCENTOS SESENTA E SEIS MIL QUINIENTOS OITENTA EUROS (4.666.580 €), presentando unha situación de equilibrio inicial que cumpre o principio de estabilidade presupostaria esixido polo artigo 165 do citado Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Dáse conta, así mesmo, do expediente instruído para a aprobación, no seu caso, do citado proxecto. Considerando que na súa tramitación se cumpriron os requisitos sinalados pola lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 165, 166, 168 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o R.D. 500/1990 de 20 de abril; e visto o informe favorable emitido pola Intervención, proponse:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento desta Entidade para o exercicio 2019, por unha contía que quedou fixada no seu Estado de Gastos na cantidade de CATRO MILLÓNS SEISCENTOS SESENTA E SEIS MIL QUINIENTOS OITENTA EUROS (4.666.580 €) e o Estado de Ingresos ascende á mesma cantidade de CATRO MILLÓNS SEISCENTOS SESENTA E SEIS MIL QUINIENTOS OITENTA EUROS (4.666.580 €) asignando a cada un dos capítulos os seguintes importes:

#### **STADO DE GASTOS**

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	<b>1.OPERACIONES NON FINANCEIRAS</b>	
	• <b>OPERACIONES CORRENTES</b>	



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1	Gastos de persoal	1.409.915 €
2	Gastos correntes en bens e servizos	2.172.267,40 €
3	Gastos financeiros	2.400 €
4	Transferencias correntes	150.911,00 €
	<b>• OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	
6	Investimentos	766.909,22 €
	<b>2.OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	
8	Activos financeiros	15.000 €
9	Pasivos financeiros	149.177,38,00 €
	<b>TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS</b>	<b>4.666.580,00 €</b>

### ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	<b>1.OPERACIONES NON FINANCEIRAS</b>	
	<b>• OPERACIÓN CORRENTES</b>	
1	Impostos directos	1.256.000,00 €
2	Impostos indirectos	48.000 €
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	437.000,00 €
4	Transferencias correntes	2.103.863,00 €
	<b>• OPERACIÓN DE CAPITAL</b>	
7	Transferencias de capital	657.539,62 €
	<b>2.OPERACIONES FINANCEIRAS</b>	
8	Activos financeiros	15.000 €
9	Pasivos financeiros	149.177,38 €
	<b>TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS</b>	<b>4.666.580,00 €</b>

2º.- Aprobar igualmente as bases de execución do mencionado Orzamento.

3º.- Así mesmo, aprobar a relación de postos de traballo que figura no correspondente anexo.

4º.- Que se expoña ao público por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme o preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

5º.- Que, no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, se considere definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, xunto co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, e 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo; e, noutro caso, que se proceda co previsto no núm. 1 deste último artigo.

6º.- Que, de conformidade co núm. 4 do mesmo artigo, se remita copia do referido Orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma

A Presidencia di que traen os orzamentos antes de final de ano. Di que son máis presupostos ca nunca, porque cando se aproban co ano en curso son bastante máis realistas nos gastos, nas subvencións e nas obras que se poden acometer.

É un orzamento que oxalá poida ter variacións en sentido positivo. Son uns orzamentos con cifras similares ao ano 2017, prudentes e realistas e sempre se logra unha alta porcentaxe de execución do orzamento que se propón.

No apartado de ingresos hai pequenos axustes e é bastante aproximado á realidade dos mesmo.





En canto aos gastos, o que máis pode chamar a atención son os cambios de aplicación contable debido a criterios técnicos.

Por exemplo, na partida de biblioteca, non aparece o persoal vinculado a ela, porque ten funcións en varios capítulos contables e neste momento aparece nunha soa; que agora está cunha aplicación orzamentaria en nómina, que vai permitir unha vez executado este exercicio saber de cada persoa que porcentaxe dedicou a cada función (administración, biblioteca, etcétera)

Na partida de subvencións, axudas, hai unha baixa importante en cultura e unha subida importante en educación, e non é porque vaian variar esas subvencións. Consideran que as escolas de música deben ir a educación e non a cultura.

En calquera caso, no tema de persoal non figuran aqueles que veñen subvencionados (APROL rural, Deputación, Obradoiro de emprego), que noutro momento si podían estar. Cando se conceda é cando se incorpora á execución do orzamento.

Por outro lado, mantéñense todas as axudas culturais, deportivas, etcétera. Seguirán solicitando máis horas de dependencia aínda que teñan que poñer a parte correspondente. Agora mesmo o capítulo de acción social e dependencia está arredor dun millón de euros, o que supón máis dun 20% do orzamento.

Di tamén que o capítulo de inversión é un pouco máis modesto este ano. Hai un criterio que cambia en relación a outros anos. Por exemplo, non aparece a depuradora de Vedra. Iso non quere dicir que non se vaia facer, de feito xa está o crédito e esperan aprobar as bases de licitación en xaneiro e executar as obras no primeiro semestre de 2019; pero non aparece porque xa se fixo o proxecto de gasto correspondente e está establecido no orzamento do 2018. Un tema distinto é cando se miren as execucións de inversións en cada ano. Existen outros casos como o cambio de céspede dos campos de fútbol, que se van licitar agora, que non aparecen no orzamento do 2019 porque xa están no orzamento do ano 2018. O mesmo acontece con outras obras onde só aparecen as achegas municipais.

Por outro lado si aparece o POS + adicional deste ano pasado. Non aparecen os plans complementarios que acaban de aprobar polo mesmo criterio que manifestou antes: no momento en que a Deputación de A Coruña envíe eses remanentes e se apliquen aos proxectos correspondentes, é cando se incorporan aos orzamentos.

A Presidencia solicita o voto favorable, ou cando menos a abstención.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que son uns orzamentos continuístas, pero de hai dous anos, non do ano pasado, porque debido á proximidade das eleccións municipais, infláronse 600.000 €, ou o que é o mesmo, este ano son 600.000 € máis baixos ca no 2018. Segundo o grupo de goberno estiveron oito anos pelexando contra a nefasta xestión do PSdeG-PSOE, e tardaron oito anos en ter uns orzamentos con carácter.

Di que non se cre que non quixeran facer as obras da depuradora e cambio de céspede porque había que baixar a débeda. Podían ter feito as obras e amortizar a débeda tal e como fan a día de hoxe.

Son uns orzamentos continuístas, prudentes e modestos, pero realistas non, só na realidade do PP. Son uns orzamentos realistas para un concello con escasos 5.000 habitantes ao lado de Santiago e que está medrando a un 0% cada ano e nos que non hai inversións en cuestións importantes como o saneamento, abastecemento, fomento do emprego, etcétera.

Na comisión informativa explicaron no programa de urbanismo eses 6.000 € de gratificación a unha técnica municipal. Se está facendo traballos que non son da súa



competencia, espera que sexa fóra do horario laboral porque todo o que sexa contrario a iso, estaría mal.

No apartado de estradas baixan 220.000 € e non adquiren terreos nin infraestrutura xeral. O principal das obras fíxose no ano 2018 cos orzamentos que aprobaron hai seis meses.

Por outro lado quere felicitar á técnica polo traballo feito.

Tamén lle recorda que os orzamentos municipais aínda que os fan os técnicos municipais son unha decisión política e o único responsable é o grupo de goberno.

Sinala que baixan 300.000 € en saneamento e 200.000 € en abastecemento, parando o crecemento de Vedra.

Na recollida do lixo hai unha reestruturación de gastos e aumentou en dous anos o gasto de Sogama.

En canto a acción social e dependencia parécelle ben que se dean máis horas de dependencia, pero iso non deixa de ser un reflexo do mal que vai a sociedade. Di que o seu grupo seguirá loitando para que as horas de dependencia teñan que baixar e non subir, porque iso significaría que as persoas teñen capacidade para ser autosuficientes e que a sociedade vai mellor.

No que se refire a fomento do emprego, o outro día houbo unha inauguración na estación do tren en Santa Cruz e espera que para o ano que vén con 33.000 € menos no orzamento o que se acaba de inaugurar funcione e repercuta favorablemente nos veciños.

Respecto ao centro de saúde espera que os gastos os asuma o Sergas.

En educación segue igual ca sempre, en promoción da cultura baixa 93.000 € e en promoción do deporte sobe 94.000 € para rematar o campo de fútbol de Vedra.

Ten unha dúbida no que se refire aos órganos de goberno. As subas que houbo nos soldos do Sr. Alcalde, da Sr. Piñeiro Caldelas e dos técnicos do concello son polo 2.5 %, pero resúltalle raro que en dotación de grupos políticos agora aparezan 13.000 € cando nos dous exercicios anteriores estaba a 0 €. Facendo cálculos, as contas non saen; porque segundo se dixo na comisión son 30 € por concelleiro ao mes. Facendo os cálculos saen 4.680 €. Pregunta como se distribúeneses cartos e se algún grupo político leva máis retribución.

Ratifícase no manifestado anteriormente. Vedra leva oito anos estancada, nos cales medrou cero e recórdalle as promesas electorais do grupo de goberno hai oito anos: tanatorio, centro de día, etcétera. Pregunta onde están. O único que fixeron foi o viveiro de empresas en Santa Cruz.

Anuncia que o seu grupo votará en contra por coherencia política e porque en oito anos non cambiaron nada nin conseguiron converter a Vedra no que se merece, como calquera outro concello á beira de Santiago.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que como é o último orzamento da lexislatura cre que é interesante contextualizalo para ter unha visión dos orzamentos que en realidade é a política do grupo de goberno durante a lexislatura.

No capítulo de ingresos, comezou a lexislatura cuns ingresos de IBI de rústica de 75.000 €; e neste orzamento que pretende aprobar o grupo de goberno, incrementouse un 67% na lexislatura.

A achega da veciñanza ao IBI urbano incrementouse desde o inicio da lexislatura nun 35 %. É dicir, a veciñanza de Vedra achegan aos orzamentos desde o inicio da lexislatura ata hoxe 190.000 € máis.





Isto non sería un problema se tiveran outros criterios de xestión dos ingresos, pero o que fixo o grupo de goberno foi cubrir un incremento de custes da burocracia. Por exemplo, os gastos de urbanismo de orzamento do inicio da lexislatura ao orzamento actual incrementouse un 60 %; en iluminación pública aumentou un 30 %; as retribucións aos membros da corporación un 12%, situación curiosa porque as percepcións dos concelleiros polas asistencias a plenos e comisións non variaron, polo que é inexplicable que esa partida aumente un 12 %. Ao mellor explícase polo incremento das percepcións das retribucións dos concelleiros do grupo de goberno no que denominan xornadas. Desiste de solicitarlle o certificado das percepcións dos concelleiros do grupo de goberno.

En administración xeral subiu un 19 %. Case 200.000 € que a veciñanza de Vedra achega a maiores dende o ano 2015 ao 2019 destínanse integramente a cubrir os custes burocráticos que incrementou o grupo de goberno.

Por todo isto, di que o seu voto vai ser en contra.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, mostra o seu acordo co manifestado polo grupo socialista e polo concelleiro non adscrito, Sr. Castro Rocamonde, e engade que o outro día na comisión dubidaban da chapuza da gratificación á aparelladora municipal.

Sinala as competencias que a propia arquitecta municipal deseñou para ela mesma e que están na súa denominación do posto de traballo: coordinación e dirección do servizo de plan urbanístico da área de urbanismo; asesorar á corporación nos asuntos relativos a obras e servizos municipais; dirección e certificación de obras municipais; supervisión e coordinación de proxectos externos; definición e actualización dun PXOM; realizar valoracións de terreos rústicos, urbanos, así como de inmobles xa teñan consideración de bens de dominio público, patrimonial ou particulares cando sexa necesario; control do cumprimento da disciplina urbanística e informes; informes técnicos de licenzas municipais de obras e apertura; elaboración de proxectos arquitectónicos municipais segundo requirimento municipal e dirección de obras dos mesmos; obras maiores (que non pode facer); responsable da prevención de riscos laborais e seguridade; calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico.

Pregunta por que unha gratificación se está recollido todo o que pode facer e mesmo o que non pode facer. Tamén pregunta se o grupo de goberno é capaz de contestar a iso ou non quere facelo.

Di tamén que é un orzamento un pouco estraño, porque cedeuse o centro de saúde ao Sergas e segue pagando os gastos do mesmo o concello; non reflectiron o gasto real que tiñan no propio concurso da iluminación pública, etcétera.

Os orzamentos son a imaxe propia do equipo de goberno e anuncia o seu voto en contra.

A Presidencia contéstalle ao grupo socialista que o importante dos orzamentos é a execución dos mesmos, e sempre falan do programa electoral do 2011 e nunca do 2015.

En canto a fomento do emprego, di que acaban de rematar unhas xornadas con actividades que non moitos concellos fan para fomentar o emprego. Fomentar o emprego non é so os obradoiros de emprego, os programas da Risga, APROL rural, etcétera. Cre que a capacidade que pode ter un concello como Vedra a nivel de fomento de emprego está desenvolvida a un moi alto grao. De feito os niveis de paro en Vedra están por abaixo do 10% agora mesmo. O grupo socialista non pode dicir que se hai máis paro é culpa do Sr. Alcalde, e se hai menos paro é grazas ás outras administracións.



As medidas que pode tomar un goberno municipal como este son limitadas e cre que en Vedra se toman bastantes, acertadas e innovadoras en moitos casos.

Solicitarán un obradoiro de emprego para o ano que vén e cando se consiga introducirse no orzamento. Logo na execución do orzamento estará o que se gastou en fomento do emprego.

Por outro lado, di que baixan as inversión porque hai inversións que se van realizar que non aparecen reflectidas no orzamento. Se se mira a execución, verase canto se executou no ano 2017, 2018 e 2019.

En promoción da cultura hai unha baixada que ten que ver coa suba do capítulo de educación, non coa redución das axudas e subvencións.

Cando falan dos gastos da corporación tamén poden comparar o soldo do Sr. Alcalde co de concellos limítrofes.

Dille ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, que fai unha análise interesante dos orzamentos, pero non está de acordo con ela. A comparación fíxoa dos ingresos, pero non dos gastos. Vai só ao que lle interesa.

No que se refire aos gastos en urbanismo tamén están os gastos importantes en proxectos que se están a acometer.

Respecto da suba do 12% dos gastos da corporación, pregunta cal é a cantidade. Son 7.000 €, e claro non é o mesmo dicir 7.000 € que un 2%.

Tamén se incrementaron os ingresos, pero o IBI subiuno a administración do estado e Vedra está nas porcentaxes máis baixas que se poden ter.

É certo que cada vez hai máis servizos e máis esixencias por parte da cidadanía. Hai tres anos, por exemplo, existían dúas rutas de sendeirismo e hoxe hai tres, un parque infantil e hoxe catro, e como iso outros moitos servizos, co incremento que supón o mantemento deses servizos.

A iluminación pública aumentou porque tamén subiu o prezo da luz igual ca nos fogares.

Contéstalle ao Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, respecto do tema da aparelladora, que ao mellor está equivocado, pero cre que na RPT que se aprobou en relación ao posto de aparellador, non figura a redacción de proxectos.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, contesta que cre que se equivocan. Clara non é aparelladora é arquitecta técnica. Ou ben modificaron o documento da RPT e non o dixeron, ou o secretario se negou a modificalo. Iso figura no punto nove.

A Presidencia contesta que na RPT que manexa non aparece a función de redacción de proxectos, que é o acordo ao que se chegou a través dos sindicatos e a razón de ser desa gratificación.

Intervén o Sr. Secretario di que intenta aclarar dentro das súas competencias este tema. Na RPT, que é o documento que rexe agora, hai unha praza de grupo laboral II, que é aparellador que ten como funcións: apoio ao arquitecto técnico en todas as súas funcións e baixo a súa coordinación, calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico dentro das súas competencias.

Logo hai outra praza, que é unha vacante, de funcionario. É unha praza do grupo A2.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta quen é o superior cando Clara redacta un informe ou un proxecto. Di que o Sr. Alcalde non ten competencias para facer un



informe urbanístico. Di que no seu momento xa advertiu desa chapuza e agora están pagando as consecuencias. Clara é arquitecta técnica, non aparelladora.

O Sr. Secretario manifesta que cre que a cuestión que está na RPT é totalmente correcta. O superior xerárquico, se o houbese, é un arquitecto, e senón é o Sr. Alcalde, que é o xefe de todo o persoal.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, responde que cando lle preguntou ao Sr. Secretario quen redactara as competencias, este lle dixera que fora a mesma Clara quen redactara as súas competencias. A RPT foi unha chapuza descomunal e agora están gratificando a unha traballadora porque lles dá a gana, xa que non existe ningún motivo para facelo porque está recollido dentro da RPT.

O Sr. Secretario responde que na RPT, en ningún dos dous postos, nin no de funcionario que está vacante, nin no outro, está recollido iso.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que tamén pode ser que ofreceran un borrador e a noite anterior o modificaran. Se cadra aprobaron unha RPT en pleno que logo modificaron posteriormente.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que o Sr. Alcalde matiza que só fai referencia ás retribucións dos membros da corporación, pero non fai mención ao salario do Sr. Alcalde, que a xuízo do mesmo é modesto. Na súa opinión é un salario razoable acorde a un concello de 5.000 habitantes. Por outro lado entende o seu razoamento de que é máis baixo ca outros concellos de 5.000 habitantes da contorna, pero que teñan que repartir o salario con outra persoa do grupo de goberno foi unha decisión do Sr. Alcalde. Ao mellor non eran necesarias dúas dedicacións exclusivas nun concello de 5.000 habitantes.

Sinala tamén, que o IBI non o incrementou o concello, pero recádao o concello. Con ese incremento de achega directa da veciñanza, o grupo de goberno non puxo en práctica ningunha medida efectiva para resolver os problemas fundamentais de Vedra: demográficos, transporte, aforro enerxético, rebaixa no custe da xestión do lixo.

Dese xeito os custes enerxéticos só poden ir a máis.

Por último, pregunta se hai algún reparo no informe de intervención aos orzamentos.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que se non xeran un PXOM, se non solucionan o problema de transporte con Santiago, a xente nova vaise de Vedra.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que está falando de porcentaxes relativas e non pode comparar 7.000 € no concello de Santiago con 7.000 € no concello de Vedra.

A Presidencia dille ao Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE que non vai contestar a iso. Respecto do transporte di que xa o repetiron moitas veces. Haber que pasa coas concesións que se resolven no ano 2019 para o 2020. O grupo de goberno fixo o que tiña que facer, que foi presentar a súa proposta conxuntamente con Teo e coas melloras relacionadas con outros servizos. Espera que saia para diante, co cal se vai producir u cambio fundamental no transporte en Vedra. Foi o concello de Santiago o que non modificou as liñas de transporte cara a Susana.



Respóndelle ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, que no tema do lixo se fixo algo máis que repartir composteiros, colocáronse moitos colectores amarelos que hai que recoller, etcétera.

En canto ao que manifestou sobre as retribucións do grupo de goberno e as dedicacións exclusivas, di que hai que ver cantas dedicacións exclusivas hai nos concellos cos que o quere comparar. Se hai tres ou catro dedicacións exclusivas en Teo, Boqueixón ou Padrón, entón hai que sumar.

Posta a votación, apróbase con sete votos a favor do PP e seis votos en contra do PSdeG-PSOE, BNG-AA e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

**5º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE “Socialistas de Vedra” solicitando un reparto de fondos da Xunta de Galicia con criterios obxectivos**

Dáse conta da citada moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, na que expoñen que os concellos somos a administración máis próxima á cidadanía, con menor endebemento e tamén asumindo competencias impropias que deberían asumir outras administracións.

Cada concello ten as súas propias circunstancias e prioridades e debería contar cun financiamento axeitado, poder decidir en que inviste os seus fondos e non depender dun reparto de fondos discrecional.

O Plan único de Concellos creado no ano 2017 pola Deputación Provincial permítelles aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que inviste os seus fondos e máis transparencia na asignación de recursos, xa que os fondos do mesmo distribúense en base a criterios obxectivos, e este debe ser o camiño tamén para outras administracións públicas, xa que ofrece total transparencia na asignación de fondos e permite total autonomía municipal para decidir en que investir en cada concello.

Os Socialistas de Vedra queren reclamarlle á Xunta de Galicia transparencia no reparto de axudas, e en definitiva que muden as formas de actuar por un modelo propio do século XXI, onde non procede o escurantismo.

Por iso solicítanlle ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Regular , mediante unha lei autonómica consensuada coa Fegamp, o financiamento dos concellos galegos.

2º.- Establecer as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, así como de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación, coa finalidade de integralas no Fondo de Cooperación Local.

3º.- Crear un fondo específico anual formado polas transferencias non executadas no orzamento da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais.

4º.- Establecer neste exercicio 2019 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que garantan a igualdade de acceso para todas cunha convocatoria pública á que concorrerán todos os concellos en igualdade de oportunidades.

5º.- Establecer un acordo para que o Canon da Auga se reparta con criterios de igualdade de reparto, onde as entidades locais poidan recibir en investimentos o 50% das recadacións que se levan en cada concello, abrindo unha convocatoria por concorrencia competitiva.



O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que parece ser que a Xunta de Galicia ten un pouco de rumbo á hora de repartir as axudas. O que se pide na moción é que se repartan eses fondos con criterios obxectivos como poboación, superficie, número de parroquias, esforzo fiscal dos concellos, etcétera, tal e como fai a Deputación de A Coruña co POS +. É unha moción que se vai presentar en todos os concellos galegos porque cre que esa é a maneira correcta de funcionar, que os cartos se repartan de forma equitativa e igualitaria e que os concellos teñan autonomía para poder usar eses ingresos no que estimen oportuno.

Solicita o voto a favor dos restantes grupos políticos.

A Presidencia di que na exposición de motivos da moción fala de que a Deputación de a Coruña dende que a goberna o PSdeG-PSOE é marabillosa. Di que se esquece das subvencións, que non todos os cartos van no plan único, que tamén hai subvencións nominativas.

Recórdalle ao Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE que o Fondo de Cooperación Local da Xunta de Galicia no período 2009-2015, en época de crise, garantiu que non se baixara o que estaban percibindo os concellos, e mesmo se incrementaron esas cantidades no período 2016-2018. A esas achegas da Xunta de Galicia do Fondo de Cooperación Local hai que engadirle outras cantidades destinadas a transferencias ás entidades locais derivadas de convenios ou de concesión de subvencións.

Se se exceptúan os territorios cun réxime específico financeiro especial como Canarias, País Vasco e Navarra; Galicia é a comunidade que máis recursos dedica a un fondo de cooperación non condicionado, tendo en conta o indicador que queira (habitantes, PIB, orzamentos, etcétera)

Por outro lado, di que comparte que hai un déficit no financiamento das aspiracións e demandas da administración local, pro cre que o Estado é quen debe clarificar o sistema de financiamento das administracións autonómicas e locais.

Si é certo que as administracións locais teñen que afrontar ás veces o mantemento de competencias que lle son impropias e iso é o que hai que clarificar dende o Estado ata a administración local.

En relación a Vedra, no ano 2017, as achegas directas da Xunta de Galicia ao concello foron de 993.648 €, sen contar aquilo que xa se faidirectamente pola Xunta de Galicia como por exemplo a execución da obra da rede de sumidoiros por un importe de 600.000 € ou a inversión no colexio de máis de 800000 €.

Cre que a moción o único que busca é desgastar e prexudicar ao goberno da Xunta de Galicia, polo que o voto do seu grupo político vai ser en contra.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que comparte plenamente a finalidade da moción da necesidade de establecer uns criterios que palien a arbitrariedade e clientelismo que en moitos casos se dá no reparto dos fondos por parte da Xunta de Galicia, como sucedeu coas famosas subvencións que se publicaron un día ás doce da noite e en catro minutos unha ducia de concellos gobernados polo PP xa se apoderaran dos fondos.

Por outro lado non lle parece a Fegamp, debido á súa natureza pouco transparente, a ferramenta para levar isto a cabo.

Discrepa co punto 5º da moción, e solicita a súa retirada, porque cre que a asignación de recursos ten que ser precisamente á inversa. Se resulta que a cada concello se lle reverte o 50% do canon que aporta, o canon que aporta vai en función dos recursos que consume. Un concello que está consumindo recursos hídricos, que son de todos, deberá ser unha asignación deses recursos distributiva e que favoreza a que non consume eses recursos.





Pregunta ao PSdeG-PSOE, se pode retirar ese punto da moción.

Valorando como positivo o obxectivo final, anuncia o seu voto a favor da moción.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, sinala que non entende ben o punto 5, e está de acordo coa Presidencia en que a moción busca o menoscabo da Xunta de Galicia. Por ese motivo xa lle vale a moción.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, respóndelle ao concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde, que na comisión informativa anunciou que estaban dispostos a modificación no que fixera falta. Entende que os que máis consumen recursos hídricos é porque teñen máis infraestruturas e necesitan máis gasto, pero accede a retirar dito punto se con iso se aproba a moción.

Manifesta a súa sensación de que ao grupo de goberno non lle importou que puideran modificar a moción, xa que se pechou en banda.

Dille á Presidencia que falou de cifras que non veñen ao caso. Non se trata de que acheguen máis ou menos cartos, senón de que se repartan xustamente.

Di que hai dous modelos para o reparto dos fondos: o da Deputación de A Coruña, con criterios obxectivos e igualitarios para todos os concellos (poboación, tanto por cento de paro, criterios socioeconómicos); e o da Xunta de Galicia, que ten criterios dirixidos a dedo.

A día de hoxe hai 166 concellos en Galicia gobernados polo PP, o que equivale ao 53% dos concellos.

O catro de maio de 2018 publicouse no DOG pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio as bases reguladoras para convocar subvencións en réxime de concorrencia non competitiva destinadas á creación ou mellora de infraestruturas e equipamento nos concellos de Galicia para o ano 2018. Esa convocatoria abriuse ás 00:00 horas do día cinco de maio e pechouse ás 00:12 horas, cando tiña un prazo dun mes.

A Xunta de Galicia repartiu a dedo e con criterios subxectivos entre concellos amigos un total de 22,5 millóns de euros en catro plans de infraestruturas e equipamentos durante os últimos dous anos. Ao Plan de infraestruturas rurais 2018-2019, polo que a Consellería de Medio Rural repartiu 2,7 millóns de euros, concorreron 65 concellos, dos cales 56 eran do PP. O Plan Urbe 2014-2017 tivo 63 concellos beneficiarios, dos cales o 93% eran do PP. Ao Plan de infraestruturas e equipamento concorreron 75 concellos, dos cales 59 eran do PP. Ao Plan de creación e mellora das infraestruturas e equipamento da Consellería de Medio Ambiente, polo que o goberno galego repartiu 4,3 millóns de euros, concorreron 19 concellos e 15 eran do PP. Son un total de catro plans que suman 22,5 millóns de euros, dos cales o 85% dos fondos foron a parar a concellos gobernados polo PP, cando son o 53% dos concellos de Galicia os que están gobernados polo PP.

Di que quere desgastar o goberno da Xunta de Galicia e do concello de Vedra ata que desapareza.

A realidade é que o goberno da Xunta de Galicia reparte os fondos de forma dirixida, a dedo, de xeito clientelista e caciquil.

A Fegamp tamén apoiou esta moción, cun comité de expertos no que estaban representados todos os grupos políticos incluído o PP, que traballou durante 10 meses, e votaron a favor desas medidas.

Di que se o grupo de goberno non aproba ou se abstén, quedará retratado.

A Presidencia responde que o Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE, pon como exemplo a Deputación de A Coruña e o POS + como paradigma de reparto equitativo e pregúntalle se os orzamentos da Deputación subiron este ano.





O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, responde que el non traballa na Deputación de A Coruña.

A Presidencia di que si subiron, e con todo, baixaron un montón de millóns os fondos destinados ao POS +. Pregunta cal é entón o criterio obxectivo dese cambio.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que seguro que se debe ás eleccións municipais.

A Presidencia preguntalle se sabe a favor de quen, e o Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, responde que a favor do PP.

Posta a votación, rexéitase con sete votos en contra do PP e seis votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG-AA e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

**6º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal PSdeG-PSOE solicitándolle ao Concello de Vedra que controle as obras de mellora do camiño da Vía da Prata no seu paso por Vedra.**

Dáse conta da citada moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, na que expoñen que o Camiño da Vía da Prata é o Camiño Xacobeo con maior percorrido e dos de maior afluencia de peregrinos en Galicia. Este camiño transcorre na súa última etapa polo Concello de Vedra pasando por varios lugares de interese histórico e cultural como a Capela do Santiaguíño de San Pedro de Vilanova ou a Ponte Buscaos de San Fins de Sales.

A Xunta de Galicia hai uns días anunciou a súa intención de levar a cabo no 2019 obras de mellora no Camiño da Vía da Prata para impulsar o acondicionamento da ruta, dos albergues e da sinalización cara a celebración do Xacobeo 2021.

O Foro do Camiño Primitivo (Lugo) remitiu o 06 de novembro ao ICOMOS –España o *informe denuncia sobre obras da Axencia de Turismo en los Caminos Norte y Primitivo de Santiago*, responsabilizando á Xunta de Galicia da realización de obras agresivas de pavimentación que supoñen a alteración irreparable deste treito.

Dado que os Socialistas de Vedra están comprometidos coa protección e conservación do patrimonio cultural, paisaxístico e histórico do noso concello, propoñen a adopción polo Pleno dos seguintes acordos:

1º.- Solicitamos do Concello de Vedra, que remita a todos os grupos políticos da Corporación Municipal, o Plan Integral de Actuación que remitirá a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia ao noso concello, para poder estudalo e expoñer as observacións que sexan necesarias.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a que acometa as obras de mellora do Camiño de Santiago de forma menos agresiva posible para o patrimonio cultural, paisaxístico e histórico galego.

3º.- Solicitamos ao Concello de Vedra que controle a realización das obras de mellora do Camiño da Vía da Prata no seu paso por Vedra para evitar a agresión do patrimonio cultural, paisaxístico e histórico vedrés.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que é unha moción a raíz dunha denuncia do Foro do Camiño Primitivo composto por máis de 30 asociacións relacionadas co Camiño de Santiago ao realizar a Xunta de Galicia unhas obras agresivas para a contorna natural.

Por iso, solicitan que en Vedra, dende o que poida facer o concello, trate de evitar que volva pasar iso. Solicita que se lle remita a todos os grupos políticos o Plan Integral de



actuación que está a redactar a consellería, que se inste á Xunta de Galicia para que teña máis coidado e que o concello controle as actuacións que se realicen.

Trátase de protexer o tramo da Vía da Prata que pasa por Vedra que é patrimonio de todos e é un reclamo turístico para o concello.

Solicita o voto a favor de todos os grupos políticos.

O Sr. Costa Carneiro, do PP, di que a exposición de motivos di literalmente: “ A Xunta de Galicia hai uns días anunciou a súa intención de levar a cabo no 2019 obras de mellora no Camiño da Vía da Prata para impulsar o acondicionamento da ruta, dos albergues e da sinalización cara a celebración do Xacobeo 2021”.

Di que iso é algo que como grupo de goberno demandaron no seu momento e están encantados de que se gaga. Por iso, non poden apoiar a moción, xa que non lles parece nin lóxica nin elegante, sexan as obras promovidas pola Xunta de Galicia ou por calquera outra administración.

En Vedra demandáronse dende hai tempo actuacións no tramo da Vía da Prata ou Camiño mozárabe, e por unha vez que comunican que vai haber un plan de actuación, o grupo de goberno entende que non sería acertado aprobar unha moción preventiva por se vai haber agresións ao patrimonio.

Propón a retirada da moción ata que chegue o plan de actuacións. Anuncia o voto en contra do seu grupo.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, pregunta se o concello está levando a cabo obras de mellora no tramo do Camiño da Vía da Prata e se está o grupo de goberno en contra de levar un control das obras.

O Sr. Costa Carneiro, do PP, responde que el non dixo iso.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, le o punto 3 da moción que di: “Solicitamos ao Concello de Vedra que controle a realización das obras de mellora do Camiño da Vía da Prata no seu paso por Vedra para evitar a agresión do patrimonio cultural, paisaxístico e histórico vedrés”. Se o PP vota en contra, está en contra de que se controlen as obras que se poidan realizar no Camiño da Vía da Prata.

O Sr. Costa Carneiro, do PP, di que esa é a interpretación do portavoz socialista. El dixo que o PP de Vedra vén demandando como grupo de goberno obras de mellora en dito treito, e o grupo socialista pretende que se aprobe unha moción preventiva. Non lles parece correcto nin elegante. En todo caso, aplicando o tema da prevención, habería que aplicalo con todas as administracións.

En canto ao que solicitan no punto 1º da moción di que non é necesario aprobalo, xa que todos os cidadáns ou grupos políticos poden solicitar o que estimen oportuno. Cando chegue o proxecto non terán ningún problema en facilitarlllo e agradecerán as achegas que fagan.

En canto ao 2º punto da moción, di que é obriga de todas as administracións, non só da consellería correspondente.

No que se refire ao 3º punto da moción, o grupo de goberno entende que iso é unha responsabilidade xa implícita do concello e polo tanto de todos os representantes do mesmo, sexan obras da Xunta de Galicia, doutra administración ou dun particular. Foi algo que sempre se fixo.

Di que o único obxecto e lectura da moción é a política.



O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, manifesta que esta moción vén a raíz dunha denuncia que apareceu noutra zona do Camiño de Santiago e considera que estaría ben controlar as obras para que non volva suceder.

Di que non van retirar a moción e que o grupo de goberno unicamente quere quedar ben co goberno da Xunta de Galicia. Advirte que estarán pendentes de que non pase nada e se botan un pouco de grixo no Camiño irán a polo grupo de goberno.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, anuncia o seu voto a favor e entende que a moción procede porque hai uns feitos precedentes graves nunhas obras do Camiño Primitivo que danaron a identidade propia do Camiño de Santiago.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que hai motivos máis que xustificados para facer ese control, xa que hai pouco recibiron unha advertencia da UNESCO sobre so Camiño Francés en relación coa mina de Touro. Anuncia o seu voto a favor.

O Sr. Costa Carneiro, do PP, respóndelle ao Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, que hai moitas formas e estilos de estar na vida. Respecto da elegancia, di que é a consideración do grupo de goberno.

Reitera que non terá ningún problema en compartir o proxecto en canto chegue ao concello e se revise e se alegue o que sexa necesario, así como que estarán expectantes e vixiantes cando se execute.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que el non lle faltou ao respecto a ninguén. Se non se aprobaron mocións deste tipo noutros lugares, se cadra é porque ao mellor non correspondían ou había un por que.

Di que o grupo de goberno acaba de rexeitar unha moción do grupo socialista por elegancia, e ese é o seu criterio para votar en contra.

Posta a votación, rexéitase con sete votos en contra do PP e seis votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG-AA e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

#### **7º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

A Presidencia informa que o desenvolvemento das bases do centro de coworking quedan para o seguinte pleno.

--Ás preguntas de dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1ª.- Sobre o tema do médico substituto no centro de saúde de Vedra a Presidencia di que xa está contestada.

2ª.- Respecto ao informe do SAF, di que xa ten o Sr. Secretario a información e ao rematar o pleno aproveitarán para aclarar algúns temas.

3ª.- Sobre sacar formalmente a praza de tesourería por oposición libre, di que agora mesmo non está na axenda do grupo de goberno. De momento o Goberno do Estado non deixa repoñer certas prazas.

4ª.- Respecto á asemblea de veciños en San Xián informando sobre o tema dos incendios di que non está de acordo coas opinións que verteu. Primeiro non recorda que dixera que invitaría aos grupos da oposición ás charlas sobre incendios nas parroquias;



pero que non o recorde non quere dicir que no o dixerá. En calquera caso non ten problema ningún en que así sexa e para iso convocará unha reunión para falar do tema.

Intervén o Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, para rogarlle que avise das reunións, porque poden asistir como veciños que son do concello.

A Presidencia solicita de dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE un pouco máis de coidado coas acusacións que fai, xa que na charla de San Xián non contradixeron aos axentes forestais nin mentiron aos veciños.

En calquera caso, respecto ás casas en solo rústico sen licenza dixeron exactamente o que di a lei no artigo 21, punto 2, e neses casos dixo que ían falar cos propietarios desas vivendas para que soberan disto e actuarase segundo o criterio das persoas propietarias das vivendas.

No caso destas vivendas fóra de ordenación, cónstalle que a Xunta de Galicia está enviando cartas requirindo a presentación da licenza urbanística aos propietarios que presentaron denuncia para continuar co trámite do expediente. Nalgúns concellos próximos esixen a presentación da licenza urbanística para darlle trámite, senón fan un mero traslado da denuncia ao denunciado, sen máis.

Iso foi o que dixeron na reunión, que neses casos falarían co propietario da vivenda.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, replica que ese artigo que mencionou oíullo aos axentes forestais o día que deron a charla na biblioteca en Vedra, pero que iso non o dixo na reunión en San Xián. Sinala que a Presidencia dixo que neses casos non se ía meter, que sería o propietario da casa o que denunciara se lle molestaban as árbores que tiña ao lado, e que o máximo responsable se pasaba algo, sería o Sr. Alcalde.

A Presidencia contesta que como non se van poñer de acordo, non vai seguir co debate.

5º.- Sobre a comunicación aos demais grupos da oposición cando saia de viaxe institucional, di que non ten ningún problema en comunicalo nas comisións informativas mensuais.

--Ás preguntas do Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1ª.- Respecto dos datos de abastecemento e saneamento solicitados hai uns meses di que por onde pasa o saneamento a xente engánchase nunha porcentaxe bastante alta, e no caso do abastecemento hai moita xente que aínda que pode acceder a el non o fai; iso non quere dicir que non poidan acceder ao servizo.

No caso do abastecemento, cando accederon ao goberno había 50 vivendas conectadas, pero podía acceder a el un 10 % da poboación. A día de hoxe son 214 vivendas conectadas, e coa obra que se vai executar chegarase ao 40% de poboación que pode acceder a el. Coa obra do POS+ aprobada no pleno de hoxe, podería acceder entre un 5% e un 7% máis. Estaría preto do 50% da poboación e habería xa algunha liña principal de abastecemento en 10 das 12 parroquias do concello.

No que se refire ao saneamento, cando accederon ao goberno había 248 inmobles (20% da poboación) que dispoñían do servizo, o que non quere dicir que estivesen conectados. A día de hoxe hai 520 (coa obra que se está executando, arredor dun 40%). Antes había 2 depuradoras, a de San Xián e Ponte Ulla; agora existe tamén a de San Mamede e vaise executar a de Vedra.

En oito anos de goberno, algúns deles de crise económica, cando menos, o PP fixo o mesmo ca o goberno socialista en 14 anos de bonanza económica.

En relación ao saneamento, acábase de aprobar o proxecto para Calzande e Romarís, máis elaborar a primeira fase de Vedra, co cal tamén se chegará a outro 5% da poboación, co que se chegaría ao 45%.



No primeiro semestre do ano que vén queren ter redactado o proxecto da 3ª fase de San Mamede e Santa Cruz e o proxecto do resto de canalizacións da parroquia de Vedra. Cando se executen eses dous proxectos, chegarase ao 60% da poboación.

A Presidencia reconece que hai oito anos tivo un exceso de optimismo cando dixo de chegar ao 80% ou 90%. Non tivo en conta que o punto de partida era moi baixo, nin que Vedra é especialmente disperso e orograficamente complexo, facendo que as obras sexan enormemente custosas. Di que non está contento cando queda tanto por facer, pero iso non quita que fixeran máis en oito anos de goberno ca en catorce de goberno socialista. Seguirá sendo unha prioridade e seguirán pelexando para acadar os obxectivos o máis cedo posible.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que non lle cadran as contas. Se hai sobre 1.400 vivendas en Vedra, e están conectadas 214 vivendas ao abastecemento.

A Presidencia replica que son 600 vivendas as que poden acceder a el, aínda que moitas delas non se conectan ao abastecemento, por exemplo en Vedra a liña pasa ata o colexio e hai moi poucas casas conectadas. En canto ao saneamento o número é superior.

2ª.- Respecto ás obras no campo da festa di que farán a valoración dos custes, cando e como facelo, etcétera.

3ª.- Sobre as taxas do lixo do concello, di que a actualización da ordenanza da taxa do lixo das vivendas foi publicada no BOP do 26/12/2012 e ten un importe de 68 €.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, replica que entón o problema é que non está actualizada a ordenanza na páxina web do concello.

4ª.- Respecto da obra de asfaltado en Paizás di que volverá pasar a empresa para reparar as deficiencias.

5ª.- En canto ao anaco de pista de 100 m. que vai cara Ponte Veá sen asfaltar di que toman nota para facer eses metros.

6ª.- Respecto á fonte de Trobe di que xa está limpa a fonte e a contorna. Aínda non se atopou o manancial.

7ª.- Sobre canto custou a instalación da iluminación provisional do campo de fútbol de Vedra, di que son tres focos provisionais mentres non se faga a instalación definitiva e que lle facilitará as cifras do custe cando as teña.

8ª.- No que se refire a cantos veciños de San Mamede se lle preguntou sobre a senda peonil e carril-bici e cantos estaban en contra, di que se citou a todos os afectados pola expropiación a varias reunións e na última delas o rexeite era unánime a esa obra.

--Ás preguntas do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, a Presidencia contesta:

1ª.- Respecto á contratación do asesor xurídico di que é unha opinión.

2ª.- Sobre se no ano 2019 vai inaugurar o polígono industrial ou que lle vai ofrecer á veciñanza, di que lle contestará no próximo pleno.

3ª.- En canto á parcela de Trobe di que están pendentes de asinar na notaría e non ten nada que ver o expediente sancionador de reposición da legalidade con iso. Ese expediente ten unha tramitación absolutamente independente e autónoma.

4ª.- Sobre o financiamento para un campo F-7 en San Miguel, di que non recorda que publicaran na prensa que a Deputación tiña 600.000 € para esa obra. Se ten o recorte de prensa roga que llo envíe.

Di que nese espazo o que o PXOM sinalaba como solo dotacional deportivo non collía o que era a totalidade da parcela de concentración, non collía as esquinas, unha delas afecta á pista polideportiva que está alí. A intención é terminar de adquirir o que queda,





recuperar a pista polideportiva e proxectar, aínda que leve varios anos, unha área de lecer a parte do campo de f-7.

5ª.- Respecto a se ten pensado aplicar o rolo da maioría absoluta e directamente solicitar do pleno a delegación no Alcalde para que poia aprobar o que veña en gana, di que é unha opinión que non comparte.

--Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, a Presidencia responde:

1.- Respecto a participar nesas xuntanzas sobre incendios e o número de legislaturas ás que se ía presentar á Alcaldía di que son opinións.

2.- Sobre a consulta ao grupo parlamentario do PP por cal é o motivo polo que se evitou en dúas ocasións, unha delas no Consello de Contas, a fiscalización dunha contratación de traballos no arquivo de Vedra, di que o solicitou e cando lle chegue pasarallo para non seguir dando voltas.

### **8º.- Rogos e preguntas.**

--Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Sobre a solicitude para que a Presidencia comunique as viaxes institucionais cre que é máis sinxelo que envíe un correo electrónico. A Presidencia contesta que non haberá ningún problema.

2º.- Respecto á atención primaria no Centro de Saúde de Vedra, non sabe cales foron as xestións realizadas polo grupo de goberno. O grupo parlamentario do PSdeG-PSOE vai levar unha iniciativa ao Parlamento e espera que o PP local de Vedra faga o mesmo, xa que a Vedra correspóndenlle tres médicos e non dous, que son os que están os últimos 2 meses.

-- O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Roga que fagan presión e apoiem a iniciativa do grupo parlamentario socialista para que Vedra teña os tres médicos que lle corresponden. Gustaríalle saber que fixo o grupo de goberno para solucionar ese problema.

2º.- Respecto á campaña “En negro contra a violencia”, unha iniciativa levada a cabo pola Concellería de Igualdade do concello de Santiago, cónstalle que o Sr. Alcalde recibiu un correo electrónico convidándoo a asistir a unha reunión informativa o día cinco de setembro ás 11:30 horas en Santiago para informar da campaña e se quería o concello de Vedra adherirse a ela.

Pregunta se recibiu ese correo, por que non asistiu ninguén do concello. Dos 50 concellos asistentes á reunión só había 3 do PP.

Di que no concello de Vedra se fixeron cousas ao respecto, pero cre que non é suficiente con declaracións institucionais, e solicita que o concello de Vedra se adhira á campaña que ten un custe só de 200 € ao ano.

3º.- Pregunta canto custou dende o seu inicio todo o proxecto de “Próxima estación”, incluíndo a reforma do edificio, o vagón de tren, realización de vídeos, propaganda, etcétera. Ten a impresión de que ata o de agora só está dando perdas e espera que o día de mañá teña unha beneficio cara a cidadanía.

4º.- Pregunta que está a pasar no Centro da Terceira Idade.

5º.- Vendo o último boletín municipal, respecto da campaña de empadroamento, di que sente vergoña allea. Pregunta se é a única medida que vai tomar o grupo de goberno para asentir poboación en Vedra e se pretende maquillar a final de ano os datos de





poboación. Solicita as medidas concretas que tomou o concello este último ano en temas de asentamento da poboación.

-- O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta:

1º.- Respecto á adxudicación do servizo de iluminación pública no pleno pasado aprobouse a adxudicación do contrato co seu voto en contra. Nese pleno xa expuxo que durante o proceso de licitación entrevi a Asociación de empresas de mantemento integral de servizos enerxéticos, a cal presentou un escrito no que denunciaba cláusulas subxectivas e pedía a rectificación dos pregos porque contiñan cláusulas restritivas que limitaban e restrinxían a concorrncia. En definitiva, as cláusulas estaban feitas a dedo para unha empresa concreta provedora de luminarias que é SETGA, e que é a empresa que prové de luminarias á adxudicataria do contrato.

Previamente o concello solicitara, e agora ten concedida, unha subvención do IDAE (Instituto para a diversificación e aforro enerxético) na cal as bases din: “que en los documentos – pliegos, anuncios- que sustenten la contratación de los bienes o servicios a prestar, deberá hacerse constar la posibilidad de cofinanciación o participación del FEDER”.

Resulta que nin nos pregos nin na adxudicación consta a mención ao FEDER, co cal é moi posible que o concello de Vedra con esa subvención que ten concedida, e se non se metera no lío de quererlle regalar un contrato a esa empresa, podía renovar directamente as luminarias presentando un procedemento de adxudicación desa obra.

Pregunta que vai facer o concello se ao final non pode acceder a esa subvención por ese erro nas cláusulas.

Unha vez asinado o contrato, a empresa adxudicataria pasa a ser a titular de todas as instalacións durante a vixencia do contrato, co cal, se o contrato se asina no ano 2019, as instalacións serán titularidade da adxudicataria ata o ano 2031. O IDAE nas súas bases establece que o concello ten que recuperar as instalacións antes do 31/12/2022. Pregunta como vai o concello salvar esa circunstancia.

Se o resto dos grupos políticos o apoian, cre que se cadra haberá que facer un pleno extraordinario sobre ese contrato de iluminación pública.

--O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta:

1º.- Solicita que no próximo pleno lles facilitaran a todos os grupos un informe sobre cales van ser as modificacións que acontecerán no ano 2019 co novo plan de transporte (liñas que se solicitan, destinos, cadencia, etcétera)

2º.- Solicita saber cantos son os plans parciais que se aprobaron sobre o PXOM actual e a quen afectan.

3º.- Pregunta cal é o motivo polo que non se xerou ningún PXOM novo, tal e como viña no programa electoral do PP, nin na primeira lexislatura antes da nova Lei do solo, nin na segunda, despois da aprobación de dita lei.

4º.- Solicita a RPT definitiva que se aprobou.

5º.- Solicita o proxecto da depuradora de Bazar.

6º.- Solicita que o concello de Vedra se acolla á campaña “En negro contra a violencia de xénero”.

Conclúe ao fío das vinte e tres horas e dez minutos.